



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 7 DE MARZO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día sete de marzo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 1 de marzo de 2017**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 1 de marzo de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión (non asistiu don Ramón Boga Moscoso), aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Anuncio do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Sección Desenvolvemento Territorial, Coop. e Medio Ambiente da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da modificación das bases reguladoras do Plan provincial de Medio Ambiente 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 41, do 1 de marzo de 2017).

- Convocatoria de subvencións e axudas públicas da presidencia da excma. Deputación provincial da Coruña, programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades culturais durante o ano 2017; subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares e entidades de música e baile tradicional galego da provincia da Coruña, para o



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

desenvolvemento de actividades culturais; subvencións a entidades sen ánimo de lucro titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e fundacións da provincia da Coruña para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2017; subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2017; subvencións para corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de gran formato da provincia da Coruña, para a realización de investimentos culturais durante o ano 2017; subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2017. (Boletín Oficial da Provincia número 43, do 3 de marzo de 2017).

#### 4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 24 de febreiro ao 2 de marzo de do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 281/2017 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade número 324/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
281/2017	24/02/2017	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de marzo de 2017
282/2017	24/02/2017	Solicitud de subvención ao amparo da convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2017) dirixida a concellos e entidades locais da provincia da Coruña para contratar persoal técnico deportivo
283/2017	24/02/2017	Solicitud de subvención ao amparo da convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o 2017
284/2017	24/02/2017	Solicitud de subvención ao amparo da convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico en xestión cultural e /ou animación sociocultural, ano 2017
285/2017	24/02/2017	Expediente de transferencia de crédito núm. 2/2017. Saneamento POS 2013, por un importe total de 19.318,78 euros
286/2017	24/02/2017	Autorización de venda ambulante ocasional no Entroido. Solicitantes: SMP, MVC, M <sup>a</sup> DCS
287/2017	24/02/2017	Conceder a axuda recibo luz por importe de 57,50 euros, recibo de auga por importe de 58,93 euros e recibo de gas por importe de 62,10 euros. Solicitante: EJG
288/2017	24/02/2017	Conceder a axuda aluguer por importe de 275 euros. Solicitante: VLGS



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

289/2017	24/02/2017	Conceder a axuda lentes correctoras por importe de 165 euros. Solicitante: MERS
290/2017	24/02/2017	Dar de baixa á Asociación xuvenil Cumio da Rocha, no Rexistro municipal de asociacións veciñais (RMAV) de Cambre, a petición do representante da entidade, e archivar o expediente
291/2017	24/02/2017	Conceder a axuda aluguer por importe de 500 euros. Solicitante: EVRH
292/2017	24/02/2017	Conceder a parte recibo aluguer por importe de 290 euros. Solicitante: YGE
293/2017	24/02/2017	Corrixir o erro na resolución núm. 1852/2016 do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio de data 21 de novembro de 2016, expediente nº 2016/U018/10 na que se lle concede a don JARL licenza para segregar de finca de 747 m <sup>2</sup> sita en A Pagueira, parroquia de Brexo, unha parcela de 48 m <sup>2</sup> para ceder a este concello para a regularización do viario público
294/2017	24/02/2017	Conceder o anticipo de 3.000 euros reintegrable en 24 mensualidades de MBR funcionario de carreira do Concello
295/2017	27/02/2017	Dar de baixa como usuario da conta núm: 2080 0048 26 3040008515 a don Ramón Boga Moscoso por ter cesado nas súas funcións. Dar de alta como usuario da mesma conta a don Daniel Carballada Rodríguez con concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade
296/2017	27/02/2017	Avocación de competencias do sexto tenente de alcalde don Ramón Boga Moscoso dende o día 27 de febreiro ao 3 de marzo de 2017, ambos os dous incluídos
297/2017	27/02/2017	Aprobación de altas e baixas no curso de Pintura G1 (O Temple)
298/2017	27/02/2017	Conceder a licenza de apertura dos garaxes de Río Brexa 1-3-5-7, Río Gándara 5 e Río Mero 3. Solicitante: C. de P
299/2017	27/02/2017	Conceder a licenza de apertura para o garaxe do edificio sito na rúa Tapia, 36, O Temple, Cambre. Solicitante: C. de P
300/2017	27/02/2017	Corrección erro na aprobación da relación de admitidos e excluídos da axuda de bolsas de estudo curso escolar 2016/2017
301/2017	01/03/2017	Desestimar a solicitude de compensación de liquidacións correspondentes á taxa por licenzas urbanísticas e imposto sobre construcións, realizada por ECV, en nome de BEC, por non ser conforme a dereito
302/2017	01/03/2017	Admisión a trámite da solicitude presentada por dona MJSG, na que reclama unha indemnización, por importe de 344,85 euros, polos danos ocasionados no cerramento do inmovible da súa propiedade sito en lugar de O Pazo Cecebre, segundo indica, debido á caída dunha árbore da finca colindante propiedade do Concello de Cambre, entre os días 12 e 15 de febreiro de 2016.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Expediente nº 2017/P001/00002 responsabilidade patrimonial
303/2017	01/03/2017	Aprobar as liquidacións do prezo público para o segundo trimestre (xaneiro-marzo), pola participación nos cursos de informática para escolares de Primaria e Secundaria, por un importe total de 373.80 euros
304/2017	01/03/2017	Estimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos e recoñecer o dereito da contribuínte á devolución do importe de 47,77 euros, correspondente ao aboamento do imposto sobre construcións, xa que a interesada aboouno en dous ocasións, e á devolución de 7,02 euros, correspondente ao aboamento da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas, xa que a resolución declarou a ineficacia da comunicación previa. Solicitante: GCR
305/2017	01/03/2017	Expediente de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2016 núm. 2/2017, por importe de 95.972,86
306/2017	01/03/2017	Aprobación de altas e baixas para participar nas escolas deportivas mes febreiro
307/2017	01/03/2017	Aprobar as liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xaneiro 2017, que comprende un total de 93 usuarios e por un importe total de 6935,42 euros
308/2017	01/03/2017	Dar de baixa a Asociación de veciños afectados polas infraestruturas no municipio de Cambre, no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais (RMAV) de Cambre, a petición do representante, e archivar o expediente
309/2017	02/03/2017	Nomeamento funcionario interino de auxiliar administrativo por acumulación de tarefas en intervención EAS
310/2017	02/03/2017	Convocatoria da reunión extraordinaria da Mesa Local de Comercio
311/2017	02/03/2017	Dar de baixa a Asociación cultural e musical "Y dale rock", no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais (RMAV) de Cambre, a petición do representante, e archivar o expediente
312/2017	02/03/2017	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial do Concello de Cambre no expediente 2015/P001/0000002 incoado a instancia de dona JSF polas lesións sufridas a consecuencia, segundo indica, dunha caída na Rúa Constitución, ao lado do bar "As Rúas", o día 3 de novembro de 2014 debido ao mal estado do chan
313/2017	02/03/2017	Conceder a licenza para a instalación dun aparello de recreo denominado carrusel infantil durante as festas do entroido os días 3, 4 e 5 de marzo no parque da Igrexa de Cambre.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Solicitante: M <sup>a</sup> deIMLM
314/2017	02/03/2017	Conceder a licenza para a instalación dun aparello de recreo denominado camas elásticas durante as festas do entroido os días 3, 4 e 5 de marzo no Parque da Igrexa de Cambre. Solicitante: M <sup>a</sup> del MLM
315/2017	02/03/2017	Expediente de disciplina urbanística 2015/I002/000108 polo exercicio de actividade sen licenza municipal en nave sita en Camiño da Carreira, Sigrás
316/2017	02/03/2017	Admisión a trámite da solicitude presentada por "Génesis compañía de seguros y reaseguros S.A." na que reclama unha indemnización, por importe de 852,58 euros, polos danos ocasionados no vehículo "Hyundai Sonata", ao caerlle enriba a rama dunha árbore situada na beirarrúa do carril de acceso á urbanización da Barcala, na CP 1706 Carretera Cambre-Temple, cando circulaba o día 8 de setembro de 2014
317/2017	02/03/2017	Delegar no concelleiro don Juan González Leirós, para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de MECS e PLP
318/2017	02/03/2017	Estimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos formulada polo interesado e recoñecer o dereito do contribuínte á devolución do importe de 105,00 euros, correspondente ao aboamento do imposto sobre construcións, xa que o interesado aboouno en dous ocasións, e á devolución de 17,50 euros, correspondente ao abono da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas, xa que a resolución declarou a ineficacia da comunicación previa. Solicitante: MFD
319/2017	02/03/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención (M L, SL e máis) por importe total de 37.126,88 euros
320/2017	02/03/2017	Aprobación de facturas (MCGL e máis), e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 35.423,01 euros
321/2017	02/03/2017	Aprobación de facturas (AUF, SL e máis), e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 21.635,56 euros
322/2017	02/03/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: rr desestimatorio expdte 7847/2016
323/2017	02/03/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: recurso extraordinario de revisión expdte 779/2016
324/2017	02/03/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: recurso extraordinario de revisión expdte 780-2016

## 5º. Informes doutros asuntos de área





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

### **Informes da alcaldía**

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Mantivo unha reunión coa Comunidade de Propietarios do Polígono do Espiritu Santo.

Dende a concellería de Movemento Asociativo:

Do 27-02 ao 03-03-2017

- Desprazouse a varias parroquias do Concello, para facer entrega dos novos orzamentos xerais municipais aos presidentes das asociacións veciñais, quedando pendente Cela.
- Ás 20:30 horas do mesmo día, desprazouse ao museo de Cambre, para escoitar a charla de Felipe Senen, estando presentes os concelleiros de Cultura e Deportes.
- Enviou varios correos para comunicar as subvencións a todas as asociacións, corais, polifónicas, bandas de Música populares, bailes tradicionais galegos e formación musicais de grande formato da provincia da Coruña, relacionadas coas actividades ano 2017.
- Recibiu a chamada telefónica da presidenta da Asociación Amas de Casa de Cambre, para comunicar que continúan coa mesma avaría, relacionada coa filtración de auga. Chamou a empresa Eulen, e estos indicaron que están facendo xestións para resolver o problema.
- Realizou a chamada telefónica ao Mascun club de Fútbol e Proinde de Sigrás, para que pasarán a darse de baixa do Club, manifestando que ata o 30 deste mes non podían pasar.
- O sábado trasladouse ao Concello, para acompañar ao resto da Corporación municipal, na visita da cantante Karina.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación**

Dentro desta área, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, informa que asistiu á entrega de diplomas no CIP Wenceslao Fernandez Florez.

### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 1 de marzo asistiu xunto coa concelleira de Educación á entrega de diplomas no CIP Wenceslao Fernandez Florez.
- O día 2 de marzo xunto coa técnica de Promoción Económica mantiveron unha reunión con empresarias de Artificios.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

- O día 3 de marzo xunto con Sada, a responsable de ADL e a directora e persoal docente do obradoiro de emprego visitaron os centros de Pai Menni e tamén irmáns Garcia co fin de visitar as nosas alumnas e pedirilles que se continúe contando coa súa colaboración.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade**

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta dos seguintes asuntos:

- Mércores, día 1, asistiu á conferencia de Felipe Senén “Entroido na cultura galega” no Museo de Cambre
- Venres, día 3 presidiu o xurado do “I concurso de respostería de entroido: filloas e orellas do Concello de Cambre”
- Sábado, día 4 presidiu o concurso de disfraces, comparsas e carrozas entroido en Cambre.
- Domingo, día 5 asistiu ao enterro do entroido en Cambre.

Dentro do servizo de Deportes, don Brais Cubeiro Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- Martes, día 21 asistiu á clausura da exposición “Querida Ria” de Pedro Pastor na Casa da Cultura xunto co alcalde e a bibliotecaria municipal.
- Venres día 24 reunión con representantes do Hockey Club Cambre
- Venres, día 24 reunión co coordinador da Asociación de Clubes de Fútbol de Cambre.
- Xoves, día 2 visita obra instalación campo de fútbol municipal “Os Pinares”.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Devolución da garantía definitiva, por importe de 971,50 euros, a entidade “Blanco Rieinuvi, S.L.”, depositada en metálico, para garantir a subministración denominada “Alquiler de arcos luminosos para as festas de Nadal 2013-2014 do Concello de Cambre”. Expediente: 13/37-7 SUM
- Devolución da garantía definitiva, por importe de 3.978,24 euros, á entidade “A Billarda, S.L.”, depositada mediante aval bancario da entidade Iber Caja Banco S.A.U., para garantir o “Servizo de escolas de actividades físicas e de saúde e actividades físico–recreativas de verán do Concello de Cambre”. Expediente: 13/28-13 SERV
- Contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documentalmente simplificada, do servizo de organización e desenvolvemento dos



campamentos de verán nos anos 2017 e 2018 (prorrogable ao 2019) promovidos polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre. Expediente: 2016/C004/000011

- Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde e do Plan de xestión de residuos da obra "Mellora do entorno do campo de fútbol de Brexo". Expediente: 2017/C002/000010

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**A) Devolución da garantía definitiva, por importe de 971,50 euros, a entidade "Blanco Rieinuvi, S.L.", depositada en metálico, para garantir a subministración denominada "Alquiler de arcos luminosos para as festas de Nadal 2013-2014 do Concello de Cambre". Expediente: 13/37-7 SUM**

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o escrito presentado por don Manuel Blanco Eiras, en representación da entidade "Iluminaciones Blanco Rieinuvi, S.L.", con CIF B-15505902 e domicilio na rúa Europa, nº 27 – baixo izq., 15007 – A Coruña, rexistrado de entrada ao número 0/1539, con data 20 de febreiro de 2017, no que solicita se lle devolva a garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 971,50 euros, depositado na Tesourería municipal o día 28/11/2013 para garantir a execución da subministración denominada "Aluguer de arcos luminosos para as festas de Nadal 2013-2014 do Concello de Cambre" (Exp. nº 13/37-7 SUM).

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a data da recepción da subministración, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxeción ou reparo, este segundo informe favorable emitido polo enxeñeira técnica de obras públicas municipal, responsable do contrato, coa data do 21 de febreiro de 2017.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo Interventor municipal con data do 27 de febreiro de 2017.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 298.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Servizos, de data 6 de marzo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, "Blanco Rieinuvi, S.L.", no expediente número 13/37-7 SUM





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Segundo:** Notificar o presente acordo ao interesado e máis aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Devolución da garantía definitiva, por importe de 3.978,24 euros, á entidade “A Billarda, S.L.”, depositada mediante aval bancario da entidade Iber Caja Banco S.A.U., para garantir o “Servizo de escolas de actividades físicas e de saúde e actividades físico – recreativas de verán do Concello de Cambre”. Expediente: 13/28-13 SERV**

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o escrito presentado por don Victor Manuel Pérez López, co DNI 34.261.982-D, en representación da entidade “A Billarda, S.L.”, e domicilio na rúa Pena do Rei, nº 5 entresollado esquerda,. 27002 – Lugo, rexistrado de entrada ao número 0/11241, con data 30 de decembro de 2016, no que solicita se lle devolva a garantía definitiva depositada mediante aval bancario nº 218141 da entidade “Iber Caja Banco SAU” de data 09/04/2014 e importe de 3.978,24 euros, depositado na Tesourería municipal o día 11/04/2014 para garantir a execución do contrato denominado “Servizo de escolas de actividades físicas e de saúde e actividades físico – recreativas de verán do Concello de Cambre”, (Exp. nº 13/28-13 SERV).

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxeción ou reparo, este segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, responsable do contrato.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 1 de marzo de 2017.

Vista a proposta do concelleiro delegado de área de Cultura, Deportes e Mobilidade, de data 6 de marzo de 2017.

A teor do establecido nos arts. 100, 102.3 e 307 do Real decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público (TRLCSP)

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, “A Billarda, S.L.”, no expediente número 13/28-13 SERV



**Segundo:** Notificar o presente acordo ao interesado e máis aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada, do servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos de verán nos anos 2017 e 2018 (prorrogable ao 2019) promovidos polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre. Expediente: 2016/C004/000011**

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“O animador xuvenil, coa conformidade do coordinador de Cultura e Educación municipal, e máis coa conformidade do Concelleiro-delegado de Xuventude, Turismo e Patrimonio, achegou proposta para a iniciar a contratación do servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos de verán nos anos 2017 e 2018 (prorrogables ao ano 2019), por un importe total máximo de execución por contrata para a súa duración completa de 132.000,00 euros, IVE incluído, achegando á proposta o prego de prescricións técnicas que rexerán a prestación do servizo.

Existe consignación orzamentaria na aplicación “337.22610 Programas Xuventude” do ano 2017, por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, por un importe máximo de 44.000 euros anuais, debendo comprometerse o Concello a consignar a cantidade que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Consta, ademais, no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 6 de marzo actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, de data 6 de marzo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adjudicación, do servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos de verán nos anos 2017 e 2018 (prorrogable ao 2019) promovidos polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre, cun orzamento máximo de execución por contrata durante a súa duración completa de 132.000,00 euros, IVE incluído, isto en aplicación do establecido nos arts. arts.138 e



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

157 a 161 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo (exp. nº SIGM 2016/C004/000011).

**Segundo:** Aprobar o gasto por conta da aplicación 337.22610, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

**Terceiro:** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, e mailas características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 89 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, o prezo do contrato, considerando a súa natureza e prazo de execución, non poderá ser obxecto de revisión e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Quinto:** Aprobar o expediente de contratación incoado e publicar o correspondente anuncio de licitación no BOP, no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, e máis na Plataforma de Contratos de Galicia, de conformidade co disposto polos artigos 142 e 53 do Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **D) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do plan de xestión de residuos da obra "Mellora do entorno do campo de fútbol de Brexo". Expediente: 2017/C002/000010**

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Logo de ver o expediente de contratación incoado co número 2017/C002/000010 para a adxudicación, mediante a modalidade de contrato menor, da obra denominada "Mellora do entorno do campo de fútbol de Brexo"

Logo de ver o plan de seguridade e o plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria "Jardinería Arce, S.L.", con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 6 de marzo de 2017, rexistrado ao número 0/1907, así como o informe favorable presentado coa mesma data emitido por dona Laura López Santiago, designada como coordinadora de seguridade e saúde da obra.

Á vista dos informes favorables emitidos polo Arquitecto Municipal, de data 6 de marzo de 2017

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

como o Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data do 6 de marzo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar o plan de seguridade e saúde emailo plan de xestión de residuos presentados pola empresa “Jardinería Arce, S.L.” para a execución da obra denominada “Mellora do entorno do campo de fútbol de Brexo”.

**Segundo:** Notificar aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia